

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL SELECCIONADOR PARA A PROVISIÓN EN INTERINIDADE DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A

En San Sadurniño, a dous de marzo de dous mil dezasete, sendo as nove horas e cinco minutos, reúnen-se na Casa do Concello de San Sadurniño, baixo a presidencia da funcionaria María de la Fé López Romero, designada pola Alcaldía, as seguintes persoas, funcionarias de carreira e integrantes do Tribunal que se constitúe para a provisión da referida praza de administrativo en internidade por prazo de seis meses, segundo as Bases oportunamente aprobadas:

Presidenta: María de la Fé López Romero.

Vogais: Encarnación María Mendez Casal, Julia Ledo Rivera e Iria Luisa Díaz Gavela.

Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno.

A Presidenta declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, acordase iniciar a confección do segundo exercicio, coa selección das preguntas que se prantexarán ás persoas aspirantes, a partir das redactadas polas vogais e a presidenta do Tribunal.

Na Casa da Cultura de San Sadurniño, sendo as dez horas e quince minutos, procédese segundo o disposto na acta deste Tribunal do pasado día 20/02/17, ó inicio do segundo exercicio da fase de oposición, consistente na realización dun cuestionario con 10 preguntas a respostar nun tempo máximo de 60 minutos, sobre as materias comprendidas no temario establecido no Anexo II. Puntuación máxima: 20 puntos, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden 10 puntos.

Rematado o exercicio, sendo as once horas e vinteseite minutos, iníciase a lectura do exercicio polas aspirantes, a súa corrección e a asignación polo Tribunal das puntuacións correspondentes a cada persoa aspirante, que se indican no seguinte cadro:

Apelidos e nome	Puntuación
Abelleira Lence, Susana María	6,01 - Non apta
Ermida Igrexas, Ana Belén	15,70 - Apta
Filgueira Caneiro, Eiravedra Alba	0,00 - Non apta
Galdo Fernández, Sabela	7,00 - Non apta
Lamelas García, Isabel Victoria	10,06 - Apta
Prego Filgueiras, Margarita	Non presentada
Ramos Siaba, María Magdalena	10,83 - Apta

O Tribunal dispón a publicación dunha copia da presente acta no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello, en cumprimento do indicado nas bases da convocatoria, coa brevidade posible.

En cumprimento do establecido na base 11.2.2 da convocatoria, o Tribunal acorda facer público coa mesma publicidade que o terceiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día 7 de marzo, a partires das 10:00 horas, no salón de plenos da Casa do Concello de San Sadurniño.

E non sendo outro o obxecto da presente sesión, a Presidenta da por rematado o acto sendo as catorce horas, dispoñendo a Sra. Presidenta que se redacte a presente acta, que asinan os membros do Tribunal, do que como Secretario certifico.

A PRESIDÉNTA,





San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

AS VOCAIS,



O SECRETARIO,